

Fran Fernández Davila



Francisco Javier Fernández Davila, (Vigo, 1974) é enxeñeiro de Minas e MBA en Responsabilidade Social Corporativa pola Universidade de Vigo.

En **2016** comezou a escribir en diversos obradoiros de escrita creativa impartidos por Clara do Roxo.

Nese ano gañou o **1º premio de poesía no I Certame de Enxeñería Sen Fronteiras** e os segundos premios no X Certame Literario Terras de Chamoso de poesía, así como o de relato no XLIX Concurso Literario Casino Ateneo de Béjar coa súa obra ***Aliento de Bronce***.

No **2017** gañou o **XVII Certame de Novela por Entregas de La Voz de Galicia** con ***A senda de sal***, publicada pola Editorial Galaxia na súa colección Literaria. Tamén resultou gañador do **Concurso de Relato Curto "A Cidade" de Mos**, co relato ***O Premio***; e do **V Concurso Microcatrorelato**, con ***As balas de Koch*** e o **XIV Concurso "Dillo a quen maltrata" do concello de Lalín**, por ***Radiografía da Parroquia***.

No ano **2018** obtivo o **1º Premio de Relato Curto da Universidade de Vigo**, con ***K.A.R.M.A.***, e resultou tamén vencedor do **XVII Certame Antón Avilés de Taramancos**, en Noia, o que implicaba a publicación da súa segunda novela curta ***Alana***. Nese mesmo ano gañou tamén o **1º Premio no VI Certame de Poesía en lingua galega Manuel María da Casa de Galiza de Guipuzkoa** con ***Trashumantica***.

No ano **2019** foi galardoado co **1º Premio do XVII Certame de Relato Curto Concello de Mugardos** co texto titulado ***O Mendigo***. Tamén gañou o **XII Premio de Poesía Victoriano Taibo**, o que implicou a publicación do seu primeiro libro de poesía ***Mover os Marcos*** e recibiu o **primeiro premio no XXXIII Certame de Poesía Rosalía de Castro de Cornellá** por ***Poemas d aeroporto***.

No ano **2020** gañou o **Premio de Poesía Concurso de Relatos y Poemas "Letras Con Morriña" de Arxentina**, declarado de interese cultural da cidade de Buenos aires, co poemario en galego e inglés ***Puerto Deseado***. Recibiu o **segundo premio no IX Certame de poesía Xosé M. López Ardeiro** por ***miCROrREtRaTos***.

No **2021** gañou o **XI Concurso de relatos de inspiración científica - Inspiraciencia** co seu relato *Lúa Negra*, e levou o **segundo premio** no **XV Certame Literario Terras de Chamoso** por *Rexina*.

No **2022** foi premiado no **XIX Certame Literario Concello de Ames de narrativa** por *A extinción dos homes*, primeiro premio no **VIII Certame de Poesía María Mariño de Teo** por *The walking verses ou o ataque dos poemas zombis* e **segundo premio** no **VI Certame Vilarinhas**. Tamén resultou gañador do **XXXVI Certame Internacional de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro de Cornella**, con *Incendios*.

No **2023** gañou o **VIII Premio de Novela Curta Antón Risco** por *Primavera* e acadou o **IX Certame Poético Rosalía de Castro do Concello de Padrón**, por *kovtpost3la* e o **1º premio de poesía** no **XX Certame Literario de Ames** por *Sobre as linguas en Comala*.